



CONVENIO ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E O CONCELLO DE VALGA EN RELACIÓN Á CONSTRUCCIÓN DO ALBERGUE DE PEREGRINOS NESE CONCELLO

Santiago de Compostela, 8 de setembro de 2016

Reunidos:

Dunha parte, a Xunta de Galicia, a través da Axencia de Turismo de Galicia e da súa representante

- M^a Nava Castro Domínguez, directora da Axencia de Turismo de Galicia en virtude do Decreto 34/2013, do 21 de febreiro no exercicio das facultades que lle confire o artigo 5 do Decreto 196/2012, do 27 de setembro polo que se crea a Axencia Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos.

E doutra parte o Alcalde Presidente do Concello de Valga, Pontevedra

- , alcalde do Concello de Valga, en virtude da súa condición de presidente da corporación, segundo o disposto no artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora de Bases de Réxime Local, 61.1 da Lei 5/1997 da Administración Local de Galicia e o artigo 41.1 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización e Funcionamento e Réxime Xurídico da Entidades Locais.

As partes intervenientes recoñécense capacidade legal para outorgar validez ao presente convenio

EXPOÑEN:

Primeiro.- Con data 5 de febreiro de 2010 asínase un convenio entre a S. A. de Xestión do Plan Xacobeo e o Concello de Valga para a construción dun albergue de peregrinos cun importe máximo da obra de 664.748,00 euros e con vixencia ata o 31 de decembro de 2010.

Ao abeiro deste convenio o Concello cede a parcela, contrata a redacción do proxecto técnico, a adxudicación e execución das obras e a cesión final do edificio ao Xacobeo.

Segundo.- Conforme o establecido na cláusula terceira do citado convenio, o concello de Valga presentou á S.A. de Xestión do Plan Xacobeo, as seguintes certificacións de obra que foron contabilizadas e pagadas pola S.A. de Xestión do Plan Xacobeo polo importe total previsto no convenio:

Certificación nº1.....189.110,64
Certificación nº2.....168.813,80



Certificación nº 3.....128.020,37

Certificación Honorarios.....58.904,30

Certificación nº 4.....119.899,17

Terceiro.- O 30 de decembro de 2011, o Concello Valga remite a S.A. de Xestión do Plan Xacobeo, certificación-liquidación final da obra por importe de 58.976,40.

A S.A de Xestión do Plan Xacobeo comunica ao Concello a imposibilidade de asumir o gasto a maiores derivado da liquidación da obra en base a dous motivos:

- O incremento da contía prevista no convenio, dado que coa certificación núm. 4 tense esgotado o importe máximo establecido no Convenio.
- A non vixencia do convenio asinado.

Cuarto.- O Concello de Valga reitera a solicitude de abono da liquidación pendente tanto á S.A. de Xestión do Plan Xacobeo como á Axencia Turismo de Galicia que se subrogou, conforme o número 4 da Disposición Adicional primeira do Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, nas relacións xurídicas, bens, dereitos e obrigas da S.A. Xestión do Plan Xacobeo, derivadas ou directamente vinculadas coas funcións que son asumidas pola Axencia, **entre as que se atopa o investimento material efectuado en albergues e nos camiños de Santiago.**

Quinto.- A non vixencia do convenio asinado o 5 de febreiro de 2010, así como o establecemento neste convenio dunha contía máxima, xustifica que non se realizase pola S.A de Xestión do Plan Xacobeo o pago da certificación correspondente á certificación-liquidación final da obra.

Porén, o pago á empresa adxudicataria da obra atópase amparado legalmente polo artigo 234.3 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, ao non representar un incremento do gasto superior ao 10% do prezo primitivo do contrato.

A liquidación do contrato de obras, como fase final do mesmo, procede, no seu caso, tras o cumprimento do prazo de garantía, como establece o artigo 235 polo que non era posible a súa remisión polo concello á SA de Xestión do Plan Xacobeo, ata despois de rematada a vixencia do convenio inicial.

Así mesmo, a Axencia Turismo de Galicia, á que corresponden actualmente as competencias na materia á que se refire o convenio, tras o exame do convenio orixinario e da situación exposta, vista a pretensión do concello de ser compensado polas cantidades que tivo lexitimamente que abonar no marco do contrato de obras, entende que resulta adecuado e correcto que a administración turística galega, por subrogación do Xacobeo, asuma a compensación ao concello polos gastos que tivo que asumir no marco da aludida liquidación das obras.



En efecto, debe terse en conta que se ben o pagamento da liquidación das obras non estaba previsto no convenio orixinario, a Axencia considera que debe asumir o pagamento da liquidación pendente, tendo en conta as obrigas asumidas polo concello no convenio, o marco de colaboración e entendemento mutuo no que se baseaba, a intención das partes de continuar colaborando na materia, e o feito de que a administración turística galega é a directa beneficiaria da construción do Albergue, cuxa xestión está a cargo da S.A. de Xestión do Plan Xacobeo e se atopa incluído na rede pública de albergues da Comunidade Autónoma.

Sexto.- Co fin de articular a compensación ao Concello polas cantidades lexitimamente abonadas por este no marco do contrato de obras, o mecanismo que se considera máis oportuno, tendo en conta a asunción de competencias pola Axencia na materia á que se refire o convenio orixinario, máis que unha addenda deste para incrementar a achega prevista da S.A. de Xestión do Plan Xacobeo, resulta ser a sinatura dun novo convenio de colaboración co Concello de Valga no que a Axencia asuma ex novo a aludida obriga de compensación ao concello polas cantidades indicadas e se concreten e determinen as actuacións e obrigas pendentes para o cumprimento definitivo do convenio orixinario.

Polo exposto, as partes acordan asinar este convenio coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto do convenio

É obxecto deste convenio, como complemento do convenio de 5 de febreiro de 2010 entre a S. A. de Xestión do Plan Xacobeo e o Concello de Valga para a construción dun albergue de peregrinos, articular a compensación ao Concello polas cantidades lexitimamente abonadas por este como pagamento da certificación-liquidación final da obra de construción do Albergue para peregrinos en Valga, así como determinar as actuacións e obrigas pendentes para o cumprimento do convenio orixinario.

Segunda.- Obrigas do concello de Valga

O concello de Valga comprométese a cumprir as seguintes obrigas:

1. Afrontar, no seu caso, o pagamento de todos os compromisos pendentes de pago con terceiros derivados da contratación da obra de construción do albergue de peregrinos de Valga.
2. Tramitar coas administracións competentes os permisos e autorizacións que fosen necesarios para a realización do obxecto do convenio e para a súa apertura e posta en funcionamento.
3. Tramitar o expediente patrimonial para a cesión da propiedade do inmovible.

Terceira.- Obrigas da Axencia Turismo de Galicia

A Axencia Turismo de Galicia achegará ao presente convenio a cantidade de cincuenta e oito mil novecentos setenta e seis euros con corenta céntimos (58.976,40€) na aplicación 04.A2.761A.616.0,



proxecto de gasto 2015 0008 “Actuacións nos albergues e Camiño de Santiago” procedentes dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia, correspondentes ao exercicio económico 2016, en concepto de compensación ao Concello polas cantidades lexitimamente abonadas por este como pagamento da certificación-liquidación final da obra de construción do Albergue para peregrinos que será obxecto do expediente patrimonial de cesión da propiedade antes indicado.

Cuarta.- Entrada en vigor

Este convenio entrará en vigor o día seguinte ao da súa sinatura, e estenderá a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2016.

Quinta.- Constitución dunha comisión de seguimento

Constituirase unha comisión de seguimento que interprete e asegure o bo fin e cumprimento do obxecto deste convenio e resolva as controversias xurdidas como consecuencia da execución deste.

A comisión estará formada por dous representantes de cada unha das partes, nomeados polos seus máximos responsables que se reunirá por solicitude dunha das partes asinantes, considerándose constituída se asiste polo menos un dos representantes de cada entidade.

Sexta.- Pagamento da Cantidade a cargo da Axencia de Turismo de Galicia

O pagamento da cantidade a cargo da Axencia de Turismo de Galicia verificarase unha vez que o concello xustifique documentalmente o abonamento da certificación-liquidación final da obra, debendo remitir a seguinte documentación:

- Certificación da execución realizada expedida pola empresa contratista, asinada polo director de obra, supervisada polo técnico municipal e conformada polo órgano competente municipal, acompañada dunha memoria xustificativa do director de obra e dunha reportaxe fotográfica da obra realizada.
- Xustificación do pagamento á entidade contratista.

A contribución económica da Axencia Turismo de Galicia minorarase de forma proporcional no caso de que o Concello de Valga non xustifique o orzamento total que figura na cláusula segunda.

A Axencia Turismo de Galicia reservarase o dereito a solicitar toda a documentación que se considere precisa en relación coa xustificación do obxecto do presente convenio.

Sétima.- Causas de resolución

Serán causas de resolución do presente convenio:

- O cumprimento do seu obxecto.
- O incumprimento total ou parcial dalgunha das cláusulas que o regulan.
- O transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actividades acordadas.



Oitava.- Natureza xurídica do convenio

O presente convenio de colaboración formalízase ao abeiro do disposto na resolución de 8 de abril de 1991 pola que se fai público a acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e con particulares.

O convenio ten natureza administrativa e queda fóra do ámbito de aplicación da Lexislación de Contratos das Administracións Públicas, segundo o Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP), que os exclúe expresamente no apartado c) do parágrafo primeiro do artigo 4, sen prexuízo da aplicación dos principios da citada Lei para resolver as dúbidas e lagoas que puideran presentarse.

As cuestións litixiosas xurdidas na aplicación do presente convenio, e non solucionadas na vía administrativa, serán resoltas pola xurisdición contencioso-administrativa.

Lido polas partes, por si mesmas, e como proba de conformidade co expresado no presente convenio, asínano e rubrícano por duplicado exemplar, no mesmo lugar e data que se indica no comezo.

A directora de Turismo de Galicia

O alcalde de Valga

M^a Nava Castro Domínguez